





# MEMORIA 2021



## APACAF

Asociación de Pais de Persoas  
con Trastorno do Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar



## SEDE SOCIAL

### APACAF

Rúa Placer, 5-3ºB  
36202 VIGO  
☎ 986587475

## CENTRO

### A Braña

Lg./ Pereiro, 18. Berres  
A Estrada 36688  
Desde 1988  
☎ 986 587475

## CENTRO

### A Penagrande

Lg./ Penagrande, 1. A Laxe-  
Moraña 36660  
Desde 2009  
☎ 986 686749

## ACREDITACIÓN E CERTIFICACIÓN:



Certificación de calidade  
ISO 9001:2015



Acreditación de Transparencia  
e Boas Prácticas



Certificación produción  
horta ecolóxica

## PREMIOS:



Premio Territorios  
Solidarios do BBVA



Premio ao desenvolvemento  
rural do AGADER

DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA NO DOG Nº 93 DO 13/05/2011 CO Nº DE REXISTRO 2004/6990-1



# SUMARIO

	<b>QUEN SOMOS</b>
4	Alianzas
5	Carta da presidenta
6	Historia, Misión, Visión, Valores
7	Como nos organizamos.
	<b>OS NOSOS SERVIZOS</b>
8	Residencia
9	Centro de día
10-11	Respiro
	<b>AS NOSAS ACTIVIDADES</b>
12-13	
	<b>OS NOSOS PROGRAMAS</b>
14-19	
	<b>IMPACTO COVID-19</b>
20	
	<b>COMUNICACIÓN</b>
21	
	<b>A XESTIÓN ECONÓMICA</b>
22-23	Ingresos e gastos
24-25	Distribución de ingresos e gastos
	<b>IV PLAN ESTRATÉXICO E II PLAN DE IGUALDADE</b>
26	
	<b>COLABORADORES</b>
27	Fundación Tutelar FUNDITEA
28	Os nosos patrocinadores



# ALIANZAS



## Confederación Autismo España

Socio desde 1994

Convenios de colaboración



## Federación Autismo Galicia

Socio fundador desde 1995

Convenios de colaboración



## FUNDITEA

Fundacion para a Promoción de Persoas con Discapacidade particularmente Trastorno do Espectro Autista

Convenio de colaboración



## Convenios con:


- Centro Médico da Estrada
- Universidade de Vigo
- Universidade de Santiago
- Concello da Estrada



# Carta da presidenta de APACAF

## Recuperando a vida normal

M<sup>a</sup> José Ferradáns Villar  
Presidenta de APACAF



Estimad@s amig@s:

Despois de felicitar a todos e todas por saír da pandemia sen incidencias, agora toca organizar a volta á normalidade que, como din os escaladores de montaña, o descenso é máis difícil que a chegada á cima.

O máis difícil: durante este ano de 2021 aínda non se puido normalizar o servizo de respiro polo perigo que supón mesturar usuari@s de moitos centros durante unha fin de semana con pernocta.

As nosas ganas de abrir o servizo, porque sabemos que as familias precisan máis que nunca un “respiro” despois de tanto confinamento e restricións e pola necesidade tamén dos usuari@s que gustan tanto das súas rutinas, loitan coa

necesidade de non poñer en perigo aos usuari@s de residencia e aos profesionais imprescindibles para desenvolver o seu labor e tan difíciles de substituír por outras persoas que non coñecen o centro e necesitan moito tempo para adaptarse a el.

Despois de moitas deliberacións coas familias, institucións sanitarias e profesionais do centro acordouse abrir as estancias de verán e puidose manter o servizo de respiro aberto ata decembro.

Tampouco se puido facer a viaxe do IMSERSO que se facía todo os anos porque non nos pareceu seguro e as autoridades sanitarias tampouco o aconsellaban. Quedou para o próximo ano!

Este ano tocan as vacinas e

seguir estritamente as normas de seguridade facendo os tests que agora están dispoñibles.

Sen embargo, a vida continúa e aproveitamos para elaborar e aprobar:

⇒ **II Plano de Igualdade**

⇒ **IV Plano Estratéxico de 2021 a 2025**

Esperemos que o próximo 2022 nos permita facer o descenso completo e chegar ao campo base sen incidencias que lamentar

Unha forte aperta,

**María José Ferradáns Villar**



# HISTORIA, VISIÓN E MISIÓN

## FITOS HISTÓRICOS

**Ano 1988**, ábrese o Centro “**A Braña**” froito do esforzo dun grupo de familias para atender as necesidades especiais de persoas con Trastorno do Espectro Autista.

**Ano 1993**, decídese en asemblea xeral constituír unha asociación que asuma a xestión do centro, creándose así **APACAF**, a entidade que agora asume a súa titularidade.

**Ano 2005**, creouse o primeiro servizo de **residencia de 365 días** ó ano, formando un fogar de residentes estable de 4 persoas con TEA que se ampliou no ano 2006 a 8 prazas. APACAF amplía os seus servizos a área de emprego con apoio, Plan Centrado na Persoa, mellora da calidade de vida...

**Ano 2007**, Creación da **Fundación Tutelar FUNDITEA**, para seguir prestando apoios cando a familia falte.

**Ano 2008**, ábrense as portas dun novo centro en A Penagrande, Moraña, polo que APACAF recibe un premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural. APACAF acada a certificación de calidade **ISO 9001:2008**.

**Ano 2011**, APACAF acada a certificación de COMPROMISO COA **EXCELENCIA EUROPEA**, EFQM e obtén a declaración de Utilidade Pública

**Ano 2013**, APACAF celebra os **25 anos** de apertura do centro A Braña

**Ano 2014**, APACAF recibe o **premio TERRITORIOS SOLIDARIOS** outorgado polos traballadores do Banco BBVA

**Ano 2017** acreditación de **Transparencia** e Boas Prácticas a través da Fundación Lealtad

**Ano 2018** elébórase o I Plan de **Igualdade** entre Homes e Mulleres

**Ano 2019** amplíase o servizo de residencia 365 días a **10 prazas**

## VISIÓN

**Ofrecer servizos inclusivos, innovadores e de excelencia para as persoas con autismo e as súas familias**


## MISIÓN

**Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo e as súas familias mediante servizos especializados e centrados na persoa co obxectivo de acadar os maiores niveis de autonomía persoal, inclusión social, integración laboral, saúde e benestar, e igualdade a través de proxectos de vida individualizados, integrados nunha contorna natural en grupos reducidos e nun ambiente familiar.**



# COMO NOS ORGANIZAMOS

## Organigrama





# SERVIZO de RESIDENCIA

## Un lugar para vivir



### Centro A Braña


Parroquia de Berres  
A Estrada, Pontevedra

10 persoas adultas con diversidade funcional conviven no centro **A Braña** en réxime de atención residencial terapéutica os 365 días do ano.

## Os nosos obxectivos

É un lugar para vivir no medio rural onde se priman:

- A autonomía persoal
- A atención individual (Plan Centrado na Persoa)
- A inclusión social
- A integración laboral
- A saúde e o benestar emocional



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

### SERVIZO COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia . Consellería de Política Social



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE

Xunta de Galicia . Consellería de Emprego. Programas de Cooperación



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Xunta de Galicia: Consellería de Sanidade. Programa sociosanitario



Proxecto de Rehabilitación da cuberta do Taller Laboral do centro A Braña





# SERVIZO de CENTRO DE DÍA

## Un lugar para aprender

### Centro A Penagrande

A Laxe  
Moraña, Pontevedra



5 persoas adultas con diversidade funcional acoden ao centro **A Penagrande**, en réxime de centro de día de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00.



### As nosas actividades

É un lugar para aprender onde se realizan actividades terapéuticas e de inclusión:

- Talleres de desenvolvemento persoal
- Talleres de inclusión social
- Actividades ao aire libre
- Actividades lúdicas

#### SERVIZO COFINANCIADO POR:



Fundación FUNDITEA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE

Xunta de Galicia Consellería de Economía



Deputación de Pontevedra




# SERVIZO DE RESPIRO

## OCIO E TEMPO LIBRE

20 usuarios provenientes de diferentes concellos da xeografía galega acoden ao centro **A Braña** de xeito rotatorio todas as fins de semana, de venres a domingo, e nun campamento no verán para pasar un tempo de lecer e convivencia.

Actividades do servizo de ocio e tempo libre:

- Actividades terapéuticas: musicoterapia, aula multisensorial, relaxación
- Atividades na natureza: sendeirismo, deportes adaptados, coidado da horta ecolóxica
- Actividades sociais: celebración de festas, saídas a cafetería, excursións



## **Influencia da crise sanitaria no ano 2021:**

O servizo de ocio e tempo libre estivo cancelado ata o mes de agosto debido á crise sanitaria do Covid-19: as restricións de mobilidade e a incidencia da pandemia mantiveron este servizo inactivo durante a primeira metade do ano.




# SERVIZO DE RESPIRO

## OCIO E TEMPO LIBRE

### Campamentos de verán no centro A Braña:

No verán reactivouse o servizo de respiro cos campamentos de verán. Realizáronse as actividades habituais: talleres, coidado da horta, paseos pola contorna. As actividades de inclusión social habituais non se realizaron debido á crise do Covid-19.



### SERVIZO COFINANCIADO POR:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social

Xunta de Galicia. Consellería de Política Social (IRPF: Programa de respiro familiar)




# ACTIVIDADES

## Actividades formativas e/ou rehabilitación

Todas as actividades da entidade están dirixidas á consecución da nosa misión: mellorar a calidade de vida das persoas con TEA e das súas familias, facendo fincapé en acadar os maiores niveis de autonomía persoal e benestar emocional das persoas usuarias.

Na programación diaria inclúense talleres formativos e/ou de rehabilitación nos que traballar e fomentar as capacidades e habilidades das persoas:



- Formación
- Informática
- Comunicación
- Aula Teacch
- Psicomotricidade
- Talleres prelaborais: lavandería, cociña, arranxo da casa





# ACTIVIDADES


## Actividades lúdicas e/ou terapéuticas

As actividades lúdicas son tamén moi importantes para acadar o benestar das persoas.

Combinamos actividades formativas e de rehabilitación con actividades lúdicas e terapéuticas nas que as persoas usuarias se poidan divertir e relaxar.

A programación diaria conta sempre cun oco para este tipo de actividades:

- Aula de relaxación
- Aula de expresión artística
- Xogos coa Wii
- Musicoterapia
- Actividades na natureza: sendeirismo, desfrute das instalación ao aire libre





# PROGRAMAS

## Programa de autonomía persoal

Programa de fomento da autonomía persoal das persoas usuarias a través do apoio e acompañamento en talleres e nas actividades da vida diaria en cada momento do día e ao longo de todo o ano. O desenvolvemento do programa realízase a través das seguintes actividades:

- Acompañamento e apoio nas actividades da vida diaria
- Aulas e talleres
- Acompañamento en actividades sociais de inclusión social
- Apoio psicolóxico

Subvencionado por:



## Curso de cociña

Entre as actividades do Programa de Autonomía Persoal está o curso de cociña tradicional.



Subvencionado por:



## Programa de rehabilitación cognitiva e psicosocial



Subvencionado por:



A rehabilitación cognitiva é básica para manter e mellorar as capacidades cognitivas das persoas con TEA e así poder xeneralizar o acadado nas actividades da vida diaria. As principais capacidades cognitivas adestradas son a atención, a memoria, a linguaxe, a comprensión, a aprendizaxe e as funcións executivas.

APACAF conta con persoal preparado e con experiencia en autismo que emprega ferramentas e técnicas orientadas a mellorar o benestar e a calidade de vida das persoas con TEA.



# PROGRAMAS

## Programa de prevención do deterioro cognitivo en persoas con TEA



APACAF ten en funcionamento ao longo de todo o ano un programa de prevención do deterioro cognitivo para persoas con TEA.

Este programa é importante para que este colectivo de especial vulnerabilidade poida preservar o máximo tempo posible as súas capacidades cognitivas e as habilidades adquiridas.

A prevención trabállase en todas as etapas do ciclo vital, para promover as habilidades das persoas e fomentar o desenvolvemento de todas as súas capacidades.

Subvencionado por:



## Programa de envellecemento activo



Programa específico de atención ao envellecemento activo das persoas adultas con TEA para fomentar un envellecemento saudable adaptado ás súas necesidades, fomentar hábitos de vida saudables, previr na medida do posible as enfermidades e promover a inclusión social e participación activa na sociedade.

Subvencionado por:  
Consellería de Política Social (IRPF)





# PROGRAMAS

## Programa de Emprego con Apoio

Temos en funcionamento o Programa de Emprego con Apoio (ECA) ao longo de todo o ano. No ano 2021 non se rexistraron contratacións no mercado laboral ordinario debido á situación sanitaria, pero o programa mantívose activo cos talleres prelaborais do centro:

- Taller de cociña
- Taller de lavandería
- Taller de mantemento da casa
- Coidado dos animais
- Horta ecolóxica



## Programa de Horta Ecolóxica

O centro A Braña APACAF conta cunha explotación de agricultura ecolóxica con coidado de animais de curral con certificado do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia) na que as persoas usuarias desenvolven habilidades pre-laborais. Os produtos que se producen (leitugas, tomates, cebolas, cabazas....) son para o autoconsumo.



Subvencionado por:







# PROGRAMAS

## Programa de Inclusión Social

No ano 2021 as actividades de inclusión social no exterior estiveron canceladas debido á situación sanitaria. Nunha situación de normalidade este programa desenvólvese durante todo o ano con actividades como saídas á cafetería, ir a mercar ou a pasear e a participación en celebracións e actos sociais.

Neste ano as actividades de inclusión social realizáronse a través das redes sociais, como a conmemoración do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo ou o Día da Discapacidade, pero tamén a través dos paseos pola contorna das persoas usuarias dos centros.



**Día Mundial do Autismo  
(2 de abril 2020)**



**Día Mundial das persoas con discapacidade  
(3 de decembro2020)**

Coa colaboración de:



Subvencionado por:  
**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL

A través das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas ( IRPF)





# PROGRAMA DE FORMACIÓN

## PROGRAMA DE FORMACIÓN DE FORMADORES:

APACAF ten en funcionamento un programa de formación continua para as persoas traballadoras. No ano 2021 a maioría da formación desenvolveuse en formato online. Estas foron algunhas das accións formativas que se realizaron:

### **Accións formativas de carácter externo :**

- Curso de “*Sexualidade e TEA*”, organizado por Autismo Galicia (marzo 2021)
- Curso “*Emprego e TEA*”, organizado por Autismo Galicia (abril 2021)
- Webinar “*Compliance en el Tercer Sector*”, impartido por World Compliance Association (abril 2021)
- Curso “*Prevención de riscos personais e no traballo fronte ao Covid-19*”, impartido por TUTELA (maio 2021)
- Curso “*Manipulador de alimentos*” impartido por TUTELA (maio 2021)
- Curso “*Sistemas de Xestión de calidade*” impartido por TUTELA (maio 2021)
- Curso “*Formación en gobernanza e principios de xestión en entidades non lucrativas*”, impartida por Autismo Galicia (maio e xuño de 2021)
- Curso “*Cambios legislativos no apoio as persoas con discapacidade Lei 8/ 2021*”, impartida por Fundación ONCE (xuño 2021)
- Curso “*Prácticas recomendadas na atención temperá e TEA*”, impartida por Autismo Galicia (outubro 2021)
- Curso “*Cambios legislativos no apoio as persoas con discapacidade Lei 8/ 2021*”, impartida por Autismo Galicia (outubro 2021)
- Acción formativa “*Dereito de protección de datos. Dereitos de imaxe. Propiedade intelectual*”, impartida por Autismo España (novembro 2021)
- Acción formativa “*Dereito Laboral*”, impartida por Autismo España (novembro 2021)

### **Accións formativas de carácter interno:**

- Apoio condutual positivo (marzo 2021)



## PROGRAMA DE PRÁCTICAS

APACAF ten en funcionamento un Programa de prácticas dirixido a estudantes universitarios das ramas sociais. Todos os anos recibe unha media de 2 ou 3 estudantes que acoden a realizar as súas prácticas. Debido á crise sanitaria no ano 2021 non se recibiron estudantes en prácticas.



# PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

## PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

APACAF está inscrita no Rexistro Galego de Entidades de Acción Voluntaria e ten en funcionamento un Programa de Voluntariado dirixido a todas aquelas persoas ou entidades que queiran colaborar con nós. APACAF ofrece a posibilidade de gañar experiencia e formación no sector da diversidade funcional, no coidado do medio ambiente ou en calquera outra actividade que nos queiran propoñer.



## Programa de intervención asistida por animais

Dentro do Programa de Voluntariado APACAF conta cun **Programa de Intervención Asistida por Animais**. Durante o ano 2021 non estivo en activo debido á situación sanitaria, pero a intención é reactivalo en canto a situación sanitaria o permita.

As cadelas **Aya** e **Gala**, colaboradoras neste programa, amosaron o seu apoio ás persoas con TEA no Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo.

## Colaboración de APACAF na II Feira da Labranza

APACAF estivo presente na II Feira da Labranza organizada no mes de outubro na Finca da Condese cunha mesa informativa sobre a entidade e sobre os centros A Braña e A Penagrande, e cunha cesta de produtos provenientes da nosa horta ecolóxica.



**II Feira de Labranza**  
30 e 31 de Outubro  
Produtos da terra, artesanía e actividades culturais

**A ESTRADA**  
Finca da Condese  
Parroquia de Ribeira

Obradoiros infantís  
Música e baile  
Pulpería Castañas  
Exposición Artística  
Andaina Contacontos

Horta, xoias e xabóns, coiro, mel, blog de viaxes, froitas, repostería, cestería, pedra, deseño de letras, tambores, roupa de segunda man, elaboracións con froitas...

Organiza: Tecendo Redes grupo de amigas e produtores

Ubicación: Consulta a nosa programación:   
<https://tecendoredesrural.blogspot.com>



# IMPACTO COVID-19

## A crise sanitaria en APACAF no ano 2021

Influencia da crise sanitaria nos servizos de APACAF:

- O servizo de residencia mantívose en activo durante todo o ano 2021
- O servizo de centro de día mantívose en activo durante todo o ano 2021
- O servizo de respiro familiar reactivouse no mes de agosto e estivo activo ata o mes de decembro, cando se cancelou polo empeoramento da situación sanitaria.



## Vacunación

Oa/as usuario/as do servizo de residencia e os/as traballadores/as de APACAF foron dos primeiros en Galicia en vacinarse fronte ao Covid-19. Os días 2 e 23 de xaneiro de 2021 un equipo de dúas enfermeiras especialistas en Enfermería Familiar e Comunitaria do Sergas achegáronse ao centro A Braña para administrar a vacina aos 10 residentes e a todo o equipo profesional de APACAF. Todo se desenvolveu sen incidencias e non houbo ningunha reacción adversa. Foi unha inmejorable maneira de comezar o ano.



## Medidas preventivas

Durante todo o ano 2021 mantivéronse viventes todas as medidas preventivas fronte ao Covid-19: distancia de seguridade, desinfección, separación de espazos, uso de mascarillas, etc.

As persoas traballadoras realizaron test de antíxenos periódicos xestionados polo Sergas.

Non se produciu ningún contaxio entre persoas usuarias nin entre traballadores.



# COMUNICACIÓN

## ***A comunicación durante o ano 2021***

A comunicación durante o ano 2021 estivo moi marcada pola crise do Covid-19.

Todas as noticias publicadas sobre a entidade estiveron relacionadas coa incidencia da pandemia nas persoas usuarias e na actividade de APACAF



Un equipo de televisión de La Sexta desprazouse ao centro A Braña o 2 de xaneiro de 2021 para cubrir o comezo da vacinación nun centro sociosanitario e fixeron varias conexións en directo cos informativos nacionais. O centro A Braña foi un dos primeiros centros en recibir a vacina fronte ao Covid-19 e usuarios/as e traballadores/as dos primeiros en estar vacinados/as.

## **Presenza nos medios en 2021**

03/01/2021. Faro de Vigo Edición Tabeirós-Montes: *A Estrada vacuna a 93 usuarios y traballadores en residencias*

03/01/2021. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *La vacuna Llegó a A Estrada, con 93 dosis para la residencia y el centro A Braña*

24/01/2021. Faro de Vigo Edición Tabeirós-Montes: *Forcarei multiplica por más de ocho la tasa COVID de alerta máxima y A Estrada tiene 109 infectados*

24/01/2021. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Domusvi Lalín, la residencia de A Estrada y Apacaf completaron la vacunación del covid*

31/03/2021. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *La gran familia azul de A Estrada*

02/04/2021. RNE Galicia: *Entrevista á presidenta de APACAF, M<sup>a</sup> José Ferradáns Villar, polo Día Mundial do Autismo*

02/04/2021. Faro de Vigo Edición Tabeirós-Montes: *La gente tiene un feeling especial con nosotros*

### **Impacto**

### **Redes Sociais**



- 74 publicacións en Facebook, Twitter e Instagram

- 60.000 persoas alcanzadas

### **Resumo**

### **Aparicións nos medios**


- 6 aparicións na prensa escrita

- 1 entrevista na radio




# XESTIÓN ECONÓMICA

## INGRESOS AÑO 2021





## EVOLUCIÓN DOS INGRESOS






# GESTIÓN ECONÓMICA

## GASTOS AÑO 2021




## EVOLUCIÓN DOS GASTOS





# XESTIÓN ECONÓMICA

## DISTRIBUCIÓN DOS INGRESOS ANO 2021



As contas anuais son aprobadas en asemblea Xeral de socios



A asemblea Xeral do mes de xuño celebrouse no centro A Penagrande



A asemblea Xeral do mes de decembro celebrouse online a través de Zoom

## Modificación de Estatutos


No ano 2021 APACAF modificou os seus estatutos coa finalidade de adaptalos á Lei de Igualdade, validar a modalidade online para as asembleas e a actualización das funcións dos cargos directivos.






# GESTIÓN ECONÓMICA

## DISTRIBUCIÓN DOS GASTOS ANO 2021



## Distribución dos gastos por Servicios





# IV PLAN ESTRATÉGICO

## II PLAN DE IGUALDADE

### *IV Plan Estratégico de APACAF (2021-2025)*

APACAF aprobou no ano 2021 o seu IV Plan Estratégico na asemblea Xeral de socios celebrada o 27 de xuño. Este novo Plan Estratégico terá unha vixencia de catro anos e está elaborado en liña coa Axenda 2030 e cos obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas.

O novo Plan Estratégico de APACAF ten catro liñas básicas de actuación:

1. **Impulsar as fortalezas das persoas con TEA e fomentar a participación activa das familias**
2. **Optimizar os recursos económicos, técnicos e humanos con criterios de eficiencia, transparencia e bo goberno**
3. **Traballar a sensibilización social para mellorar o coñecemento sobre as persoas con TEA e a entidade**
4. **Optimizar e mellorar as infraestruturas con criterios de sostibilidade e eficiencia**

### OBJETIVOS DE DESARROLLO SOSTIBLE



Fonte: Organización das Nacións Unidas (ONU)

A Asemblea Xeral da ONU deseñou a Axenda 2030 e 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade en todo o mundo. APACAF quere aportar o seu esforzo a este gran reto mundial, e por iso as liñas e obxectivos estratéxicos da entidade para os vindeiros 4 anos están en liña coa Axenda 2030 e cos ODS.

### *APACAF aproba o seu II Plan de Igualdade*

APACAF aprobou no ano 2021 o seu II Plan de Igualdade na asemblea xeral de socios do mes de decembro. Para a elaboración deste segundo Plan de Igualdade creouse unha comisión de igualdade paritaria na que están representados os distintos estamentos da entidade, alta dirección e persoas traballadoras. As funcións desta comisión son as de elaborar o plan, o seu seguimento, xestión de incidencias e avaliación final do mesmo. O plan inclúe unha serie de medidas e indicadores para garantir a igualdade real e efectiva de mulleres e homes no ámbito laboral e a todos os niveis da organización.



# FUNDACIÓN FUNDITEA

## Memoria de actividades Ano 2021

### SERVIZO DE CENTRO DE DÍA NO CENTRO A PENAGRANDE

Durante o ano 2021 o servizo de centro de día desenvolveuse con normalidade. Tivéronse en funcionamento todas as medidas preventivas fronte ao Covid-19 e as actividades de inclusión social externas seguiron canceladas, mantivéronse as actividades habituais do centro:

- Actividades de autonomía persoal en talleres: formación, informática, comunicación, relaxación, musicoterapia, estimulación sensorial.
- Actividades de saúde e benestar: psicomotricidade, relaxación, xogos interactivos.



Día de Concienciación sobre o  
Autismo

Día da Discapacidade



Festa de Entroido



Festa de Samaín


### COFINANCIACIÓN ACADADA

- **XUNTA DE GALICIA** Consellería de Emprego e Igualdade. Programas de Cooperación
- **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA** Subvención para entidades sen fins de lucro



### MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

No ano 2021 FUNDITEA modificou os seus estatutos para adaptalos á Lei de Reforma da capacidade xurídica das persoas con discapacidade, Lei 8/2021, de 3 de xuño de 2021.



# COLABORADORES

## PÚBLICOS

## PRIVADOS



Concello da Estrada



Concello de MORANA

